

## Acta da Sesión Extraordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade do 3 de marzo de 2022

### LISTA DE ASISTENTES

Alberto Dafonte Gómez  
Alberto Pena Rodríguez  
Ana María Amorós Pons  
Ana María Amorós Pons  
Beatriz Legerén Lago  
Emma Torres Romay e Paulino Péres Feijoo  
Javier Abuín Penas  
Jorge Lens Leiva  
Jose Ruas Araújo  
José Manuel López  
Juan Manuel Corbacho Valencia  
María Isabel Míguez González  
María Luz Álvarez Rodríguez  
Oswaldo García Crespo  
Silvia García Mirón e Román Pereiro  
Xosé Manuel Baamonde Silva

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Vicente Badénes, Iván Puentes Plá, Carmen Máiz Bar, Diana Ramahí García, Carmen López de Aguilera Clemente, Julinda Molares Cardoso, Ana Iglesias Álvarez e Monserrat Vázquez Gestal

Acta da sesión Extraordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o xoves 3 de marzo de 2022, ás 13:15 horas en primeira convocatoria e as 13:45 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 2, con código de acceso OqSlnDs5

### ORDE DO DÍA

1. Proposta de debate sobre o Programa de Doutoramento en Comunicación
2. Modificación, se procede, do POD do Departamento do curso 21/22.
3. Ratificación, se procede, da modificación da Proposta de Comisión que xulgará a Praza de Profesor Contratado Doutor, aprobada na Comisión Permanente do Consello de Departamento que tivo lugar o día 01/03/2022:

AREA: 105 Comunicación Audiovisual e Publicidade

DEPARTAMENTO: X14 Comunicación Audiovisual e Publicidade

CENTRO DE DESTINO: 204 Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

PERFIL DOCENTE: P04\_G071203 Teoría e técnica da montaxe

## P04\_G070909 Producción e realización audiovisual en novos formatos

### **1. Proposta de debate sobre o Programa de Doutoramento en Comunicación**

O director informa da reunión mantida coa profesora Aurora García pertencente a sección departamental de Psicoloxía evolutiva e da educación dentro do Departamento Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, e coordinadora de Programa de Doutoramento e Comunicación, na que se lle informa da posibilidade de integrar a profesores do noso departamento como membros de dito programa.

O director, expón que ese debe ser un acordo a subscribir entre todos os integrantes do departamento de Comunicación e Publicidade motivo polo cal se traslada a proposta no Consello.

Mantense un debate ao longo do cal expóñense dúbidas acerca de como sería esa incorporación e a nosa función dentro da estrutura do actual programa.

Parece que a proposta ofertada consistiu na incorporación de xeito individual dos profesores interesados, sen a posibilidade de participar na comisión de doutoramento xa que acaban de renovala.

En torno a esta proposta xorden varias dúbidas, a profesora Silvia Mirón pregunta si as condicións para formar parte do programa son as mesmas que as da Universidade de Vigo en caso de non ter un sexenio de investigación. Se lle responde que as condicións serán as mesmas.

A profesora María Isabel Miguez ten dúbidas acerca de en cantos programas de doutoramento pódese estar ao mesmo tempo, xa que moitos dos investigadores do departamento están integrados no doutoramento co Campus Crea. A resposta é que se pode estar en dous programas, e o programa Crea é un caso independente ao estar adscritas diferentes titulacións e ser de campus.

A profesora Ana Amorós pregunta si as condicións para o profesorado a incorporar serán iguais que os que xa están ou accederíamos co-profesores, co-titores, co-directores.

Chegado este punto o profesor Alberto Pena procede a facer una revisión dos pasos levados a cabo na creación deste programa de doutoramento onde a facultade de Filoloxía e Tradución apropiouse do nome comunicación por ser parte do mesmo una sección dun departamento que leva ese nome, pero sen ter en conta o departamento de comunicación da universidade.

Séguese debatendo sobre o programa e o interese dos investigadores do noso departamento en formar parte do mesmo e finalmente o acordo ao que se chega de forma unánime é o seguinte:

Acéptase a integración no programa de doutoramento en Comunicación vixente, sempre que se dean as seguintes condicións:

1. Contar con todo o profesorado do noso Departamento que cumpra cos requisitos mínimos establecidos pola UVigo para formar parte dun programa de doutoramento.
2. Formar parte da Comisión do citado programa, cunha representación proporcional ao número de docentes incorporados do noso Departamento ou equivalente, en calquera caso, á do resto de integrantes da mesma.
3. Permitir que os doutores do noso Departamento poidan dirixir tese en exclusiva, sen necesidade de establecer direccións coordinadas, co direccións ou titorizacións compartidas, salvo que sexa por acordo e vontade expresa dos docentes das distintas áreas implicadas.

Pero, mentres non se reciba por parte do Programa unha aceptación formal a estas condicións, non se van producir adscricións de forma individual.

## **2. Modificación, se procede, do POD do Departamento do curso 21/22**

Debido á baixa por enfermidade do profesor Alfredo García Pinal quedan 30 horas de docencia pendentes. Tras a consulta á Dirección de Profesorado expóñense varias posibilidades:

1. Propoñer aos profesores do departamento que estean interesados en asumir dita docencia. De tal forma que as horas asumidas por riba da capacidade docente sexan recoñecidas no vindeiro POD ata o límite establecido pola normativa de recoñecementos.
1. Acceder á lista de agarda
2. Propoñer unha invitación.

## **3. Ratificación, se procede, da modificación da Proposta de Comisión que vulgará a praza de Profesor Contratado Doutor, aprobada na Comisión Permanente do Consello de Departamento que tivo lugar o día 01/03/2022:**

AREA: 105 Comunicación Audiovisual e Publicidade

DEPARTAMENTO: X14 Comunicación Audiovisual e Publicidade

CENTRO DE DESTINO: 204 Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

PERFIL DOCENTE: P04\_G071203 Teoría e técnica da montaxe

P04\_G070909 Producción e realización audiovisual en novos formatos


O director explica que debido á premura en enviar a documentación de cada unha das prazas en tempo e forma para a súa aprobación por parte da COAP e ante a tardanza en contestar por parte de un dos membros propostos para a comisión encargada de vulgar a praza enriba mencionada, procédese pola vía de urxencia a substituír ao vocal Profesor Fermín Galindo polo Profesor Xosé Rúas.

Apróbase

Sen nada mais que tratar, péchase a sesión as 14:35.

Pontevedra 3 de marzo 2022

O director do deptº



Secretaria do dptº

